

**CURSO ACADÉMICO 2024-2025**

**PROGRAMACIÓN  
DE  
PEDAGOGÍA  
TERAPÉUTICA**

**IES MARCO DO CABBALLÓN**  
VILA DE CRUCES PONTEVEDRA

PROFESOR PEDAGOGÍA  
TERAPÉUTICA

MANUEL CRESPO GARCÍA

# ÍNDICE

1. ASPECTOS ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS DOS DOCENTES DE PT .....	3
2. OBXECTIVOS XERAIS DAS ATENCIÓNS E APOIOS EDUCATIVOS .....	4
3. AS COMPETENCIAS CLAVES NA AULA DE PT.....	5
4. INTERVENCIÓN DO ALUMNADO CON APOIO .....	5
5. METODOLOXÍA, ORGANIZACIÓN E RECURSOS XERAIS PARA A INTERVENCIÓN NAS DIVERSAS ÁREAS E GRUPOS .....	7
6. COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN COS TITORES/AS, D.O. ORIENTACIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS .....	9
7. AVALIACIÓN .....	9
8. PROPOSTAS DE MELLORA .....	10

# 1. ASPECTOS ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS DOS DOCENTES DE PT

Durante este curso 2024-2025 concíbese o mestre de PT como o profesional que presta atención ao alumnado con NEAE, dentro da aula ordinaria ou na aula de apoio, de xeito individual ou en pequeno grupo, desenvolvendo actividades básicas da función docente (instrución, información, educación) e tarefas específicas da especialidade e das características do alumnado, así como as propias da especialidade de AL (por non contar o centro cun profesional específico desta especialidade).

Realizaranse actividades propias da especialidade como:

- Garantir a adopción de medidas de atención á diversidade e incorporalas no PE, na CC e na PXA.
- Participar no proceso de detección das necesidades.
- Dar resposta educativa ao implantar as AC.
- Prestar reforzo educativo ao alumnado.
- Participar no seguimento da resposta educativa.
- Colaborar na elaboración de materiais e experiencias formativas xunto co resto de persoal docente.
- Implicar e promover a participación das familias.

Ademais destas funcións de atención directa ao alumnado con NEAE, o mestre de PT, tal e como especifica o Decreto 324/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria:

- Colaborará xunto co xefe de estudos e a orientadora do centro nas cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro do alumnado con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- Colaborará coa CCP na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con NEE.
- Participará na orientación ao profesorado do centro e as familias.

As funcións do profesorado de PT, como sinalan o Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, diríxense a tres niveis:

- *A nivel de centro:* Colaboración na planificación de horarios e recursos.
- *A nivel de aula:* Coordinación conxunta da PXA e de adaptacións curriculares e na procura ou elaboración conxunta de recursos e materiais didácticos co resto de docentes e orientador/a.
- *A nivel de alumnado:* Identificación de necesidades educativas, intervención directa, observación do progreso dos discentes, coordinación na avaliación xunto co/a titor/a e coordinación cos/as pais/nais.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS DAS ATENCIÓNS E APOIOS EDUCATIVOS**

Obxectivos xerais das atencións ao alumnado con Reforzo educativo (RE):

- Acadar o nivel curricular axeitado ao curso no que está matriculado para conseguir os obxectivos do mesmo, nas materias nas que se lle reforza.
- Motivar para a aprendizaxe.
- Empregar métodos de aprendizaxe axeitados ao seu xeito de aprender.
- Lograr a súa inclusión plena no centro en xeral e na aula ordinaria en particular.

Obxectivos xerais das atencións ao alumnado con AC (pendente da avaliación inicial):

- Espertar a súa motivación e interese cara as aprendizaxes, fomentando unha autoestima positiva.
- Potenciar estratexias de estudo e hábitos de traballo.
- Acercar ao alumnado ás TICs na realización das actividades.
- Lograr a máxima autonomía do alumnado nas actividades cotiás.

- Favorecer un desenvolvemento acorde nas áreas instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo.

### **3. AS COMPETENCIAS CHAVE NA AULA DE PT**

Das oito competencias chave que establece o Decreto 156/2022, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, as sesións de apoio contribúen fundamentalmente á consecución das seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística; tanto a nivel comprensivo como expresivo (escoitar, falar, conversar, ler e escribir).
- Competencia plurilingüe: empregando as diferentes linguas de forma axeitada.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (numeración, cálculo, resolución de problemas, razoamento...).
- Competencia dixital: uso creativo, seguro e crítico das TIC.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (motivación, vontade, ser consciente do saber e do que é preciso saber).
- Competencia cidadá, co fin de adquirir actitudes positivas, inclusivas e solidarias cara as demais persoas.
- Competencia emprendedora, fomentándoa a través de tarefas que lle esperten ao alumnado a súa creatividade, imaxinación e interese por e para aprender.
- Competencia en conciencia e expresión culturais, para que o alumnado coñeza, comprenda, aprecie e valore as diferentes culturas para ser empregado como fonte de enriquecemento persoal.

### **4. INTERVENCIÓN DO ALUMNADO CON APOIO**

No centro hai escolarizado alumnado con NEAE nos distintos cursos e etapas, tal e como pode consultarse no Plan Anual do Departamento de Orientación. A intervención da especialidade en pedagogía terapéutica céntrase naqueles casos de necesidades específicas de apoio educativo e especialmente en 1º e 2º da ESO.

Neste senso, cómpre indicar que no momento actual tan só se dispón dun especialista en PT.

Así, a organización actual da intervención de apoio céntrase no primeiro e segundo curso, principalmente nas áreas de matemáticas e linguas, así como nas horas de reforzo para o alumnado exento.

A previsión de reforzos/apoios para este curso 2024-2025 abranguerá a intervención cos seguintes discentes:

### **ALUMNADO 1º ESO:**

**2 alumnos con NEAE** reciben reforzo dentro da aula na materia de Matemáticas – 2 sesións/semana en 1º ESOA

**2 alumnos con NEAE** reciben reforzo dentro da aula nas materias de L. Castelá, Matemáticas e Xeografía e Historia – 2 sesións/semana en cada unha delas en 1º ESO B

Dos 4 alumnos/as que reciben reforzo dentro da aula en 1º ESO, indicados anteriormente, 3 deles cursan con exención da segunda lingua estranxeira, recibindo reforzo en L. Castelá durante o horario de exención por parte dunha docente experta na materia.

Asemade, do alumnado mencionado, está pendente a aprobación de ACS en dous casos, á espera da avaliación inicial.

### **ALUMNADO 2º ESO:**

**7 alumnos/as con exención da segunda lingua estranxeira son** atendidos na aula de apoio a razón de dúas sesións semanais.

**11 alumnos/as con NEAE** varias que reciben reforzo dentro da aula ordinaria na materia de Matemáticas, entre os que se atopa o alumnado exento de SLE – 2 sesións semanais

**9 alumnos/as con NEAE** varias que reciben reforzo dentro da aula ordinaria na materia de L. Castelá, entre os que se atopa o alumnado exento de SLE – 2 sesións semanais

**8 alumnos/as con NEAE** varias que reciben reforzo dentro da aula ordinaria na materia de Física e Química, entre os que se atopa o alumnado exento de SLE – 1 sesión semanal

**1 alumno NEAE** con dificultades de comunicación por descoñecemento do idioma recibe ademais dos reforzos anteriores, apoio en 3 sesións máis, coincidentes coas materias de Xeografía e Historia e L. Galega, para favorecer a adquisición adecuada da lingua.

## **5. METODOLOXÍA, ORGANIZACIÓN E RECURSOS XERAIS PARA A INTERVENCIÓN NAS DIVERSAS ÁREAS E GRUPOS**

### **Metodoloxía**

Tódalas actividades levadas a cabo ao longo do curso sustentaranse nunha metodoloxía activa e participativa, onde o alumnado é o protagonista e o mestre enténdese como mediador e facilitador da aprendizaxe. Os principios básicos que se seguirán serán: aprendizaxe significativo, funcional, vivencial, individualizado, etc.

Coa finalidade de conseguir aprendizaxes significativas partimos de realidades próximas aos nenos/as e dos seus coñecementos previos, tendo en conta a coordinación entre o profesorado e a implicación das familias.

A metodoloxía elixida será ante todo flexible, utilizando diversas estratexias instrutivas, en función dos distintos tipos de contidos e das diferentes necesidades do alumnado, pois todos/as son distinto/as e requiren respostas diferentes.

Débese ter en conta, especialmente, ó alumnado con posibles adaptacións curriculares, proporcionándolle autonomía e independencia no traballo, aspecto que se traballará dende os distintos ámbitos e no que se implicarán tódolos/as docentes do centro, especialmente aqueles que lles impartan materias aos mesmos.

Os **principios metodolóxicos xerais** que se poñen en práctica co alumnado atendido son:

- Inclusión do alumno/a no grupo ao que pertence e participación en todas as tarefas desenvolvidas no centro.
- Individualización, atendendo ás necesidades específicas de cada discente.

- Globalización. Aprendizaxes encamiñadas á consecución do conxunto de competencias.
- Potenciar o nivel de competencia nas áreas instrumentais e na área comunicativo- lingüística (expresión e comprensión).
- Desenvolver aprendizaxes funcionais e favorecer a súa xeneralización.
- Potenciar a autonomía e independencia.
- Favorecer a súa autoestima e confianza.

- **Organización dos espazos**

As intervencións serán na aula ordinaria e naqueles casos nos que se realiza fóra da mesma, serán na aula 104 (aula de apoio). Así mesmo, utilizaranse distintas estancias do centro como a aula de audiovisuais, biblioteca, horta, cociña, patio coa finalidade de xeneralizar as aprendizaxes.

- **Temporalización**

Esta programación é realizada para ser aplicada ao longo do presente curso escolar 2024/2025. Tanto a organización dos apoios como os horarios son flexibles e están suxeitos a modificacións segundo a evolución das necesidades.

O número de sesións de apoio é decisión do Departamento de Orientación e virá determinado polas necesidades existentes e a "gravidade" das mesmas, así como tamén pola dispoñibilidade horaria do mestre de Pedagogía Terapéutica.

- **Recursos materiais**

No referente aos recursos destacar que se empregarán materiais axeitados e adaptados ás características do alumnado, elaborados na maior parte dende o DO. Algúns materiais serán: fichas e xogos para a aprendizaxe e reforzo dos contidos, fichas e xogos para traballar a atención, material variado para a mellora dos procesos psicolóxicos básicos, etc. Asemade, botarase man da utilización do encerado dixital como unha ferramenta máis de motivación e facilitadora de aprendizaxes significativas xunto co ordenador, tablet, vídeos, etc.



## **6. COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN COS TITORES/AS, D. ORIENTACIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS**

A comunicación cos titores/as é periódica, continua e permanente, establecendo reunións complementarias cando se estime oportuno. A coordinación cos mestres/as que contan nas súas aulas con alumnado con apoio/reforzo é fundamental para a súa avaliación e o seguimento do desenvolvemento dos discentes.

Os membros do D.O. reuniremonos mensualmente en reunión ordinaria, se ben a comunicación será continua a través de reunións informais e intercambios de información periódicos, establecendo outras reunións formais extraordinarias cando sexa pertinente.

As titorías por parte do especialista de PT coas familias teñen lugar os luns de 10:40 a 11:30 horas.

Unha estreita colaboración e cooperación coas familias do alumnado é esencial de cara a un intercambio bidireccional de información e a promover o establecemento de pautas de actuación conxuntas, tanto dentro como fóra do centro escolar.

## **7. AVALIACIÓN**

A avaliación será continua, formativa e integradora, seguindo a Orde do 26 de maio do 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Como instrumentos empregados á hora de avaliar o proceso de aprendizaxe sinalo o uso de diversas técnicas como, por exemplo, a observación diaria do alumnado (directa e indirecta), utilizando para recoller a información instrumentos como a análise de tarefas e seguimento individual dos alumnos e alumnas; este

último levado a cabo unha vez por trimestre para analizar a evolución do alumnado atendido.

Entre os procedementos de avaliación destaco a información aportada polo equipo docente e familia, a participación do alumnado nas actividades propostas, así como o emprego de técnicas de auto-avaliación, co fin de modificar ou atender os posibles cambios que xurdan no proceso educativo, sendo esta unha forma de mellora continua e constante.

## 8. PROPOSTAS DE MELLORA

As propostas de mellora son o resultado dun traballo que debemos avaliar.

Esta programación é flexible e será avaliada de xeito continuo, polo que está suxeita a tódalas melloras e cambios precisos para unha correcta atención ao alumnado que o precise.

Tódalas propostas de mellora serán recollidas polo mestre de PT e pola orientadora, atendidas e valoradas no departamento de orientación, onde se determinarán os cambios precisos.

En Vila de Cruces, a día 18 de  
setembro de 2024

Vº Prace

Ana Belén Fdez. Porral	Nome e apelidos Mestre PT:  Manuel Crespo García
Xefa do Dpto. Orientación	Profesor de Pedagogía Terapéutica